

ANEXO I – SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO SERVIZO “ARZÚA + CONCILIA”**DATOS DA CRIANZA**

Nome e apelidos
Data de nacemento _____ Curso _____
Alerxias / Enfermidades: Si Non Discapacidade: Si Non Empadramento en Arzúa: Si Non

DATOS DAS PERSOAS SOLICITANTES**NAI / PAI / TITOR/A 1**

Nome e apelidos _____
DNI / NIE / PASAPORTE _____ Teléfono _____
Correo electrónico _____
Traballo no horario e período solicitado Si Non
Autorizo a comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa.... Si Non
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miña filla ou fillo, coa finalidade da divulgación do evento..... Si Non

NAI / PAI / TITOR/A 2

NOME E APELIDOS _____
DNI / NIE / PASAPORTE _____ Teléfono _____
Correo electrónico: _____
Traballo no horario e período solicitado Si Non
Autorizo a comprobar os meus datos e os da miña filla ou fillo no padrón municipal no Concello de Arzúa.... Si Non
Autorizo ao Concello de Arzúa a publicar (redes sociais, prensa) fotografías da miña filla ou fillo, coa finalidade da divulgación do evento..... Si Non

Sinatura NAI / PAI / TITOR/A LEGAL 1**Sinatura NAI / PAI / TITOR/A LEGAL 2****QUENDA SOLICITADA**

Quenda única: 16 e 18 de febreiro 2026

HORARIO SOLICITADO

O **horario ordinario** do servizo será de mañá, **de 10:00 a 14:00**, cun horario extraordinario de entrada as 8:30, as 09:00 e ás 09:30 e un horario extraordinario de saída entre ás 14:30. Aquelas familias que precisen por motivos de conciliación facer uso do horario extraordinario deben marcar na seguinte táboa o horario extraordinario solicitado.

Horario solicitado de entrada:	8:30	9:00	9:30
Horario solicitado de saída:	14:30		

PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA (Diferentes ás persoas solicitantes)

NOME E APELIDOS	DNI / NIE / PASAPORTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA CON ESTA SOLICITUDE**DOCUMENTACIÓN BÁSICA A PRESENTAR:**

- DNI/NIE/PASAPORTE NAI / PAI / TITOR/A 1:
 - DNI/NIE/PASAPORTE NAI / PAI / TITOR/A 2 (se é solicitante)
 - Fotocopia do libro de familia ou certificado de nacemento dos menores.
- Os 3 anteriores documentos non é necesario achegalos se xa foron presentados no Servizo municipal de Conciliación, ben en ARZÚA+CONCILIA VERÁN 2025, ou ARZÚA+CONCILIA NADAL 2025.
- Certificado de empadramento conxunto da unidade familiar. No caso de familias empadroadas en Arzúa, basta con autorizar a consulta no ANEXO I.

PERSONAS SOLICITANTES QUE TRABALLEN NO HORARIO E PERÍODO SOLICITADO:

ANEXO II Declaración responsable de traballo

OUTRAS CIRCUNSTANCIAS SOCIOFAMILIARES:

Familias monoparentais:	Copia do certificado de familia monoparental emitido pola Xunta de Galicia.
Familias numerosas:	Copia do título de familia numerosa.
Unidades familiares nas que existen outras cargas relacionadas cos coidados:	Resolución de discapacidade con necesidade de terceira persoa, resolución de dependencia ou informe de servizos sociais que acredite dita situación.
Vítimas de violencia de xénero:	Acreditación do Centro de Información ás Mulleres, sentenza, orde de protección
Crianzas con discapacidade:	Copia do certificado de grao de discapacidade superior ao 33%.
Persoas en risco de exclusión social ou vulnerabilidade	Informe da educadora familiar ou da traballadora social do Concello de Arzúa.
En caso de alerxia, enfermidade ou afección de saúde da crianza:	Informe do médico onde conste a diagnose e as actuacións previas ou posteriores a ter en conta.

INSTRUCCIÓNS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. En caso de **familias biparentais**, deben cubrir e asinar ambos a solicitude. No caso de familias **monoparentais**, bastan os datos e a sinatura da nai ou pai da crianza.
2. Coa solicitude achegaranse os datos das persoas que estean autorizadas pola nai, pai e/ou titor/a legal para recoller a crianza. De non achegar estes datos, entenderase que soamente poderán recoller a crianza a/s persoa/s solicitante/s.
3. Para acreditar o empadramento, bastará con autorizar ao Concello de Arzúa para comprobalo no Padrón Municipal, riscando a cela adecuada. No caso contrario, deberá achegarse un volante de empadramento conxunto da unidade familiar para acreditar o empadramento en Arzúa.
4. Para acreditar o traballo dos proxenitores haberá que presentar o Anexo II, onde asinara cada proxenitor a declaración responsable de que vai traballar no período concreto para o que solicita o servizo, e non estará en período de vacacións, ou sometido a un ERE. No caso de autónomos ou xente da agraria, deberán aportar unha declaración responsable nos mesmos termos.
5. Calquera circunstancia de saúde que poida afectar á crianza (alerxias, intolerancias, enfermidades crónicas, afeccións de saúde,...) deberase sinalar na solicitude e achegar un informe médico sobre a diagnose e as actuacións que debe ter en conta o monitorado. De non achegar o informe médico, entenderase que non existen.
6. Calquera circunstancia persoal ou familiar das que se ten en conta nos criterios de selección debe acreditarse coa achega da documentación específica solicitada nas bases para cada unha delas.
7. As listaxes de persoas admitidas publicaranse na páxina web e no taboleiro da Sede electrónica do Concello, a partir do día 10 de decembro, a través do número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición, polo que é moi importante que garden o xustificante de presentación da solicitude onde aparece dito número.
8. As cotas pagaranse unha vez aparecido o número de rexistro de entrada da solicitude de inscrición da persoa solicitante, na lista de persoas admitidas, na que xa figurará a cantidade a ingresar. Sempre con anterioridade ao inicio da actividade e co sistema de autoliquidación, que enviarase ao correo electrónico indicado na solicitude, e de non sinalalo, poderán recollelas, no rexistro do Concello.

As solicitudes debidamente cubertas poderán remitirse por Sede electrónica do Concello de Arzúa, ou entregaranse no Rexistro Xeral do Concello (1ª planta) ou por calquera das canles establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

Calquera dúbida poden consultar ao Centro de Información ás Mulleres no teléfono móbil do CIM 698.11.97.62, no fixo 981 501 101 ou ben no correo electrónico cim@concellodearzua.com

INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS**Información en cumprimento da normativa de protección de datos persoais**

Os datos persoais que proporcione a través do presente formulario serán usados para rexistrar e atender a súa solicitude. Estes datos son necesarios para tramitar a solicitude en cuestión, o que nos permite o uso da súa información persoal dentro da legalidade.

Só o persoal da entidade local que estea debidamente autorizado poderá ter coñecemento da información que lle pedimos. Así mesmo, poderán ter coñecemento da súa información aquelas entidades que necesiten ter acceso á esta para que poidamos prestarlle os nosos servizos. Igualmente, terán coñecemento da súa información aquelas entidades públicas ou privadas ás cales esteamos obrigados a facilitar os seus datos persoais con motivo do cumprimento dalgunha lei.

Neste sentido, informámoslle de que os seus datos poderán ser cedidos aos órganos da administración pública (Administración Tributaria, organismos da Seguridade Social, órganos da administración pública con competencia na materia etc.) naqueles casos en que sexa necesario para atender esta solicitude.

Non está prevista a transferencia da súa información persoal fóra do Espazo Económico Europeo.

Conservaremos os seus datos durante a nosa relación e mentres nos obriguén as leis, como a Lei 7/1985, do 2 de abril,

reguladora das bases do réxime local. Unha vez finalizados os prazos legais aplicables, procederemos a eliminalos de forma segura.

En calquera momento pode dirixirse a nós para saber que información temos sobre vostede, rectificala se fose incorrecta e eliminala unha vez finalizada a nosa relación, no caso de que iso sexa legalmente posible. Tamén ten dereito a solicitar o traspaso da súa información a outra entidade (portabilidade) ou a limitar o tratamento dos seus datos. Para solicitar algún destes dereitos, deberá presentar unha solicitude escrita no noso enderezo, para poder identificalo:

CONCELLO DE ARZÚA

RÚA DE SANTIAGO, 2, 15810, ARZÚA, A CORUÑA

Enderezo de contacto co noso delegado de protección de datos: **DPD@AUDIDAT.COM**

No caso de que entenda que os seus dereitos foron desatendidos, pode formular unha reclamación na Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Permisos específicos (marque o cadro correspondiente en caso afirmativo):

- ☐ Consinto o uso dos datos de saúde do meu fillo/a ou menor ao meu cargo para poder recibir os servizos solicitados.
Se non nos permite utilizar os datos sensibiles do seu fillo/a ou menor ao seu cargo é posible que non poidamos prestarlle os servizos solicitados, pois tal información é necesaria para que poidamos desenvolver a nosa actividade de maneira coherente e efectiva.
-  Consinto que se utilice o meu número de teléfono para que CONCELLO DE ARZÚA poida comunicarse comigo a través da plataforma de mensaxería multiplataforma WhatsApp, mellorando así a rapidez e a eficacia das distintas xestións e comunicacións.
-  Consinto que se utilice a imaxe do meu fillo/a ou menor ao meu cargo para a súa publicación a través das redes sociais co fin de dar a coñecer a entidade e de difundir a súa actividade.
- ☐ Consinto a publicación da imaxe do meu fillo/a ou menor ao meu cargo en Internet e outros medios similares para difundir as actividades da súa entidade.
- ☐ Consinto a cesión dos datos persoais do meu fillo/a ou menor ao meu cargo a:

Poderá retirar estes consentimentos en calquera momento.

☐ No caso de persoas menores de 14 anos ou persoas que xudicialmente teñen medidas de apoio, deberá outorgar o seu permiso a nai, o pai ou o titor/a do/a menor ou da persoa que xudicialmente ten medidas de apoio.

EXISTE UNHA VERSIÓN AMPLIADA DESTA INFORMACIÓN Á SÚA DISPOSICIÓN TANTO NAS NOSAS OFICINAS COMO NA NOSA PÁXINA WEB.

Firma da persoa interesada (no seu caso, nai, pai ou titor/a):

Nome e apelidos:

DNI/NIE/PASAPORTE: